



Memoria xustificativa da necesidade de formalizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia

O 24 de xullo de 2002 publicouse no DOG a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, que ten por obxecto regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 89.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Coa finalidade de lograr unha coordinación entre a Administración autonómica de Galicia e a corporación municipal de Santiago de Compostela, no que atinxe ás competencias e responsabilidade derivadas do feito da capitalidade, créase o "Consello da Capitalidade", segundo o artigo 16 da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade.

Tendo Santiago de Compostela a condición de capital da Comunidade Autónoma e sendo sede das institucións galegas, isto implica a necesidade, por parte do Concello, de establecer unha serie de servizos, os cales necesitan un sostemento.

Para isto, o artigo 28 da Lei 4/2002 establece unha previsión de financiamento nos orzamentos da Comunidade autónoma en atención, precisamente, á necesidade de que o Concello estableza unha serie de servizos derivados da capitalidade e da súa condición de sede das institucións autonómicas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, estableceu nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026 unha dotación específica para o Concello de Santiago de Compostela, por un importe de 3.000.000 €, en cumprimento do establecido na Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade.

A achega da Consellería de Facenda e Administración Pública realizarase mediante unha transferencia de financiamento a favor do Concello de Santiago de Compostela, con cargo á aplicación orzamentaria 21.01.811C.460.0 (código de proxecto 2015 00621) dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Por todo o exposto, propoño:

1. Iniciar os trámites para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago de Compostela, co obxecto de regular as fórmulas de colaboración entre ambas as dúas partes, cunha vixencia ata o 31 de decembro do 2026 e coa previa autorización do Consello da Xunta de Galicia.
2. Remitir o expediente para informe á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura
O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

